



Informe sobre a dependencia no mercado laboral galego 2012

XUNTA DE GALICIA

Observatorio Ocupacional
Instituto Galego das Cualificacións
Dirección Xeral de Emprego e Formación
Consellería de Traballo e Benestar
Xunta de Galicia

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	1
SEGURIDADE SOCIAL	2
CNO CONTRATOS	6
CNAE CONTRATOS.....	24
DEMANDAS CNO RELACIONADAS COA DEPENDENCIA POR PARTE DOS PARADOS GALEGOS.....	32
CNAE PARO	40



INTRODUCCIÓN

Seguindo coa colección de informes que afondan nos diferentes colectivos de interese para o mercado de traballo, este estudo monográfico analiza a situación e a evolución recente no ámbito laboral dos traballadores e traballadoras empregados no sector da dependencia en Galicia.

O aumento das necesidades de atención a persoas en situación de dependencia experimentou unha crecente intensidade nos últimos anos. Un feito que se explica polo crecemento significativo deste colectivo debido ao proceso de envellecemento da poboación galega, asociado ao aumento da esperanza de vida e da poboación con discapacidades, así como polos cambios no modelo tradicional de coidados que era realizado fundamentalmente no ámbito da familia. Neste contexto, o sector preséntase cun importante potencial de crecemento. Concretamente, o sector de actividades sociosanitarias enfocadas á poboación dependente, postúlase como un sector estratéxico cunha gran capacidade para xerar investimento e emprego. No entanto, estas boas perspectivas vense condicionadas, ao igual que sucede co resto de sectores, polo contorno xeneralizado de crise económica no que estamos inmersos.

O informe pretende ilustrar o comportamento do mercado laboral galego no ámbito deste sector, para iso amosa a realidade actual e a recente evolución do sector a través dos principais indicadores que caracterizan a situación do mercado laboral en Galicia. Analízanse as magnitudes que describen a evolución das diferentes variables que explican o comportamento do mercado laboral do sector da dependencia de Galicia, especialmente nas variables que miden a afiliación, o paro e a contratación a partir da clasificación que establece a Clasificación nacional de actividades económicas e a Clasificación nacional de ocupacións.

Esta análise está baseada en datos elaborados a partir de fontes de información estatística como o Instituto Galego de Estatística, o Servizo Público de Emprego de Galicia ou a Tesouraría da Seguridade Social.

Para ampliar a información contida neste informe ou outra relevante do mercado laboral galego, pódense consultar as aplicacións web do Instituto Galego das Cualificacións postas á disposición do usuario no seguinte enderezo:

<http://emprego.xunta.es/cualificaciones/>



SEGURIDADE SOCIAL

O sector da dependencia en Galicia acadou no ano 2012 un total de 18.521 afiliados en alta na Seguridade Social. Este rexistro é o resultado da suma do conxunto de actividades propias do sector: asistencia en establecementos residenciais e actividades de servizos sociais sen aloxamento, segundo establece a Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 2009), nas que se afiliaron os traballadores e traballadoras galegos.

A cifra total de afiliados en alta para o conxunto de todas as actividades que conforman o tecido produtivo galego foi de 917.338. O sector da dependencia representou, polo tanto, o 2% do conxunto da afiliación en Galicia en 2012. Dentro do sector, a evolución interanual de afiliación á Seguridade Social experimentou un lixeiro aumento con respecto a o ano 2011, de xeito que pasou de 18.447 afiliados a 18.521 en 2012. Este dato contrasta co rexistrado no conxunto de Galicia onde a afiliación á Seguridade Social reflectiu un descenso de feito que en 31 de decembro de 2011 había 956.525 afiliados mentres que en 2012 o número baixou ata 917.338 afiliados en alta .

En termos porcentuais con respecto ao ano 2011, a variación interanual do conxunto da afiliación galega descendeu un 4,1%, mentres que no sector da dependencia se incrementou lixeiramente nun 0,24%. Polo tanto, aínda que no conxunto das actividades económicas que conforman o tecido produtivo de Galicia o número de afiliados en alta na Seguridade Social descendeu no ano 2011, e polo tanto experimentou unha evolución negativa, no ámbito das actividades que conforman o sector da dependencia, a evolución da afiliación á Seguridade Social foi positiva.


Segundo o rexistro da Tesourería Xeral da Seguridade Social o número de afiliacións en alta en actividades económicas propias dos servizos de dependencia, acadaron no ano 2012 unha cifra de 18.521.

AFILIACIÓNS	2011	2012
ASISTENCIA	9262	9367
ACTIVIDADES	9215	9154
TOTAL	18477	18521

As altas de afiliacións aumentaron con respecto ao ano 2011 en 44 persoas dentro dos servizos de dependencia. Este aumento produciuse entre os traballadores que prestan os servizos en asistencia en establecementos residenciais con 105 novas afiliacións, mentres que os afiliados en actividades de servizos sociais sen aloxamento descendieron en 61.




Afiliacións



	2011		2012	
AFILIACIÓN	RÉXIME XERAL	AUTÓNOMOS	RÉXIME. XERAL	AUTÓNOMOS
ASISTENCIA	9150	112	9246	121
ACTIVIDADES	8941	273	8874	279
TOTAL	18091	385	18120	400

Os servizos de dependencia empregan maioritariamente traballadores asalariados. No ano 2012 tan só se rexistraron 400 autónomos sobre un total de 18.521

Afiliacións 2012






	2011		2012	
AFILIACIÓNS	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES
ASISTENCIA	1035	8227	1046	8321
ACTIVIDADES	1449	7766	1453	7701
TOTAL	2484	15993	2499	16022

O 87% das afiliacións á Seguridade social en actividades propias do sector da dependencia no ano 2012 correspondían a mulleres. A presenza masculina foi algo superior entre as *actividades de servizos sociais sen aloxamento* : un 16% fronte ao 11% rexistrado entre os empregados en labores de *asistencia en establecementos residenciais*.

Afiliacións 2012

■ Asistencia ■ Actividades




	2011			2012		
AFILIACIÓNS	< 30 anos	30-54 anos	>=55 anos	< 30 anos	30-54 anos	>=55 anos
Asistencia	1833	6514	915	1812	6593	962
Actividades	1473	6782	959	1446	6693	1014
Total	3306	13296	1874	3258	13286	1976



A maior parte das afiliacións en alta nos servizos de dependencia corresponden a traballadores de idades comprendidas entre os 30 e os 54 anos. Os menores de trinta teñen unha presenza maior que os maiores de 54 anos. No entanto, son os traballadores de 55 anos en diante os que aumentaron o seu número de afiliacións entre 2011 e 2012, en máis de 100, mentres que nos outros dous grupos de idade descendeu o número de afiliacións en alta laboral.

Afiliacións 2012





CNO Contratos

A información amosada nesta epígrafe fai referencia ás ocupacións da CNO vinculadas ao sector da dependencia que se comunican aos rexistros das oficinas dos servizos públicos de emprego de Galicia. No eido dos contratos dispoñemos de datos de ocupacións desagregados a catro díxitos en vez de a oito, co cal algunhas destas sete ocupacións citadas nesta epígrafe, fan referencia a un ámbito inclusivo maior que as actividades propiamente específicas da dependencia. Os grupos primarios (ocupacións a catro díxitos) implicados son os seguintes:

2311 Profesores de educación especial :

Ensinan a nenos e mozos con dificultades para aprender, ou mental ou físicamente dependentes (tamén inclúe a educación de adultos).

2312 Técnicos educadores de educación especial

Ensinan a nenos e mozos e adultos sexan discapacitados con deficiencias físicas ou mentais ou persoas con dificultades para aprender. Trátase dunha ocupación moi similar á anterior.

2824 Profesionales do traballo e a educación social

Prestan asesoramento e orientación a persoas, familias, grupos e organizacións en resposta a dificultades persoais ou sociais.

3715 Animadores comunitarios

5611 Auxiliares de enfermaría hospitalaria

5710 Traballadores dos coidados pessoais a domicilio

Son os antigos asistentes domiciliarios do CNO de 2002. Prestan coidados a persoas dependentes por causa de enfermidade, idade, lesións físicas ou mentais etc.


A continuación amósase o panorama xeral da contratación rexistrada nos últimos dous anos a través de distintos indicadores, tales como a distribución provincial, sexo, idade, nivel académico ou tipoloxía da contratación.



		2011	2012
A Coruña	ANIMADORES COMUNITARIOS	1353	1314
	AUXILIARES DE ENFERMARÍA HOSPITALARIA	3274	2813
	PROFESIONAIS DO TRABALLO E A EDUCACIÓN SOCIAL	908	550
	PROFESORES DE EDUCACIÓN ESPECIAL	67	49
	TÉCNICOS EDUCADORES DE EDUCACIÓN ESPECIAL	76	100
	TRABALLADORES DOS COIDADOS ÁS PERSOAS EN SERVIZOS DE SAÚDE NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	1630	2234
	TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAS A DOMICILIO	3209	2602
Total A Coruña		10517	9662
Lugo	ANIMADORES COMUNITARIOS	214	131
	AUXILIARES DE ENFERMARÍA HOSPITALARIA	1308	986
	PROFESIONAIS DO TRABALLO E A EDUCACIÓN SOCIAL	245	161
	PROFESORES DE EDUCACIÓN ESPECIAL	22	12
	TÉCNICOS EDUCADORES DE EDUCACIÓN ESPECIAL	12	16
	TRABALLADORES DOS COIDADOS ÁS PERSOAS EN SERVIZOS DE SAÚDE NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	531	521
	TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAS A DOMICILIO	1228	1050
Total Lugo		3560	2877
Ourense	ANIMADORES COMUNITARIOS	321	379
	AUXILIARES DE ENFERMARÍA HOSPITALARIA	927	777
	PROFESIONAIS DO TRABALLO E A EDUCACIÓN SOCIAL	361	310
	PROFESORES DE EDUCACIÓN ESPECIAL	33	23
	TÉCNICOS EDUCADORES DE EDUCACIÓN ESPECIAL	16	13
	TRABALLADORES DOS COIDADOS ÁS PERSOAS EN SERVIZOS DE SAÚDE NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	703	878
	TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAS A DOMICILIO	1315	1408
Total Ourense		3676	3788
Pontevedra	ANIMADORES COMUNITARIOS	1205	808
	AUXILIARES DE ENFERMARÍA HOSPITALARIA	2286	1584
	PROFESIONAIS DO TRABALLO E A EDUCACIÓN SOCIAL	370	328
	PROFESORES DE EDUCACIÓN ESPECIAL	187	73
	TÉCNICOS EDUCADORES DE EDUCACIÓN ESPECIAL	106	65
	TRABALLADORES DOS COIDADOS ÁS PERSOAS EN SERVIZOS DE SAÚDE NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	1298	1229
	TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAS A DOMICILIO	1919	1947
Total Pontevedra		7371	6034
TOTAL XERAL		25124	22361




Os contratos rexistrados nas ocupacións relacionadas cos servizos de dependencia en Galicia no ano 2012 presentaron unha cifra de 22.361 contratos. O ano 2012 experimentou un descenso de 2.763 contratos con respecto ao ano anterior, o que supuxo, en termos porcentuais, unha contracción dun 11%.



As ocupacións maioritarias dentro do sector son as de coidados a domicilio (7007 contratos en 2012), auxiliar de enfermaría hospitalaria (6.160), coidados en centros de saúde (4.862) e animadores comunitarios (2.632).

Variación do número de contratos Ano 2012 con respecto a 2011






O descenso xeneralizado da contratación nos servizos de dependencia experimentado no ano 2012, presenta como única excepción o incremento de 700 contratos na ocupación que empregou aos traballadores dos coidados a persoas en servizos de saúde. Pola contra, o maior descenso da contratación produciuse entre os auxiliares de enfermaría hospitalaria cun descenso de 1.635 contratos menos que no ano anterior. Isto supuxo que o 59% da cifra total de contratos que se perderon con respecto a 2011, afectaron a esta ocupación.

Galicia 2012


■ A Coruña ■ Lugo ■ Ourense ■ Pontevedra



A Coruña destaca como a principal provincia dinamizadora dos servizos de dependencia no ámbito da nosa comunidade autónoma. Dentro do seu territorio concentráronse o 43% do total dos contratos realizados neste sector ao longo do ano 2012. A repercusión da contratación en ocupacións relacionadas co sector da dependencia resulta notablemente inferior no resto de Galicia. A incidencia da actividade contractual na provincia de Pontevedra acadou unha porcentaxe do 27%. Ourense rexistrou un 17% e Lugo un exíguo 13%.


Galicia

■ Galicia



Galicia 2012


■ 2011 ■ 2012





A ralentización do ritmo de contratación da actividade laboral deste sector non escapa ao contorno de crise xeneralizada ao que está sometido o mercado de traballo. As dúas provincias atlánticas, onde repercuten con maior incidencia os movementos contractuais das actividades de dependencia presentan un descenso con respecto ao ano 2011 que supuxo unha perda de 855 contratos na provincia da Coruña, sobre un total de 9.662, e de 1.337 en Pontevedra nunha cifra global de 6.034. Este acusado descenso na provincia pontevedresa traducíuse nunha contracción do 18%. A variación interanual da contratación na provincia da Coruña rexistrou en 2012 un descenso do 8%. A provincia de Lugo xunto con Pontevedra foi a que en maior medida acusou a recesión do sector, en concreto, experimentou un descenso do 19%. A excepción positiva atopámola na provincia de Ourense, onde se rexistrou un incremento de 112 contratos e un aumento porcentual do 3%.


A Coruña



Na provincia da Coruña constátase o descenso do volume de contratación no conxunto das ocupacións de dependencia. Non en tanto, dous das sete ocupacións do sector, rexistraron un aumento de contratos no ano 2012 con respecto ao ano anterior, en concreto este incremento produciuse entre os técnicos educadores de educación especial que aumentaron en 24 contratos e os coidadores de dependentes en centros de saúde que experimentaron un aumento de 604 contratos. O maior descenso produciuse entre os coidadores de persoas en domicilio cun retroceso de 607 contratos.




Lugo



Lugo foi a provincia galega que rexistrou unha maior caída da contratación no ano 2012. Os 683 contratos menos que se asinaron en ocupacións relativas aos servizos de dependencia significaron un descenso do 19% con respecto ao ano anterior. As ocupacións de auxiliares de enfermaría hospitalaria (-322) e de coidadores a domicilio (-178), foron as que rexistraron unha maior perda de contratos, mentres que as maiores caídas porcentuais da contratación rexistráronse entre profesores de educación especial (-45%) e entre animadores comunitarios (-39%).

Ourense




A provincia de Ourense é a única que experimentou un incremento da contratación nos servizos de dependencia. Este ascenso foi debido fundamentalmente ao ascenso do número de contratos rexistrados na ocupación de coidadores a dependentes en servizos de saúde cun incremento de 175 contratos, o que supuxo un 25% máis que os contratos rexistrados en 2011. Tamén subiron os animadores comunitarios e os coidadores a domicilio. O maior descenso produciuse entre os auxiliares de enfermaría hospitalaria (-150).



O descenso da contratación na provincia de Pontevedra afectou todas as ocupacións coa excepción dos coidadores a domicilio que viron aumentar en 28 o seu número de contratos. O maior descenso produciuse entre os auxiliares de enfermaría hospitalaria (-702) e os animadores comunitarios (-397).

Pontevedra




		2011	2012
ANIMADORES COMUNITARIOS	Home	1265	1142
	Muller	1828	1490
AUXILIARES DE ENFERMERÍA HOSPITALARIA	Home	449	339
	Muller	7346	5821
PROFESIONAIS DO TRABALLO E A EDUCACIÓN SOCIAL	Home	292	175
	Muller	1592	1174
PROFESORES DE EDUCACIÓN ESPECIAL	Home	81	30
	Muller	228	127
TÉCNICOS EDUCADORES DE EDUCACIÓN ESPECIAL	Home	30	31
	Muller	180	163
TRABALLADORES DOS COIDADOS ÁS PERSOAS EN SERVIZOS DE SAÚDE NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	Home	569	595
	Muller	3593	4267
TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAIS A DOMICILIO	Home	175	169
	Muller	7496	6838

Os servizos de dependencia son unha actividade laboral fortemente feminizada. No ano 2012, case 20.000 dos pouco máis dos 22.000 contratos asinados en Galicia corresponderon a mulleres, isto representa o 89% do total do volume de contratación para ese ano. A poboación masculina rexistrou 2.481 contratos, é dicir, un 11% do total. En ambos os dous sexos o nivel de contratos descendeu con respecto ao rexistrado no ano 2011. Os contratos femininos descendieron en 2.383, mentres que os masculinos foron 380 menos, non en tanto, a porcentaxe foi lixeiramente superior na contratación masculina: os



homes perderon un 13% do nivel de contratación acadado en 2011, mentres que as mulleres rexistraron un descenso porcentual do 11%.




A preeminencia da contratación feminina dentro do sector obsérvase con distintos graos de intensidade en todas as ocupacións. Esta presenza da muller resulta abafadora entre a figura dos traballadores de coidados a domicilio, onde se rexistraron en 2012 un total de 6.838 contratos a mulleres, mentres que os contratos a homes nesta ocupación foron 169. No resto de ocupacións séguese unha tónica similar, aínda que cunha presenza da contratación masculina lixeiramente superior. A única excepción vén dada pola contratación rexistrada entre os animadores comunitarios. Nesta ocupación a presenza da contratación masculina, aínda que inferior, mantén un certo equilibrio.


Na totalidade das ocupacións, tanto entre mulleres como entre homes, os contratos descenderon con respecto ao ano 2011, coa única excepción dos traballadores dos coidados ás persoas en servizos de saúde, que tanto en homes como en mulleres viron aumentar o seu número de contratos en 2012 con respecto ao ano anterior: os contratos masculinos aumentaron en 26, e os realizados a mulleres en 674. Os técnicos educadores de educación especial, aumentaron un contrato masculino no ano 2012, aínda que, en calquera caso, se trata dunha ocupación moi pouco significativa dende o punto de vista do seu peso no volume xeral de contratación do sector.




Animadores comunitarios




Auxiliares de enfermaría hospitalaria



Profesionais do traballo e a educación social




Profesores de educación especial







Técnicos educadores de educación especial



Traballadores dos coidados persoais a domicilio



Traballadores dos coidados ás persoas en servizos de saúde







		2011	2012
ANIMADORES COMUNITARIOS	< 25	1077	885
	25 a 44	1860	1623
	45 e máis	156	124
AUXILIARES DE ENFERMARÍA HOSPITALARIA	< 25	1196	876
	25 a 44	4955	3947
	45 e máis	1644	1337
PROFESIONAIS DO TRABALLO E A EDUCACIÓN SOCIAL	< 25	257	155
	25 a 44	1394	1048
	45 e máis	233	146
PROFESORES DE EDUCACIÓN ESPECIAL	< 25	16	15
	25 a 44	254	118
	45 e máis	39	24
TÉCNICOS EDUCADORES DE EDUCACIÓN ESPECIAL	< 25	32	32
	25 a 44	148	135
	45 e máis	30	27
TRABALLADORES DOS COIDADOS ÁS PERSOAS EN SERVICIOS DE SAÚDE NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	< 25	599	647
	25 a 44	2629	3108
	45 e máis	934	1107
TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAIS A DOMICILIO	< 25	524	416
	25 a 44	4432	3859
	45 e máis	2715	2732
TOTAL XERAL		25124	22361

O 62% dos contratos rexistrados no ano 2012 entre as ocupacións propias dos servizos de dependencia rexistráronse entre traballadores de idades comprendidas entre 25 e 44 anos. O 25% foron realizados con traballadores a partir de esa idade, mentres que a poboación menor de 25 anos acaprou o 13% dos contratos.

Os niveis de contratación descenderon nos tres tramos de idade, aínda que a maior caída porcentual da contratación en servizos de dependencia produciuse entre os parados menores de 25, cun 18% menos de contratos que no ano 2011. O descenso entre o tramo comprendido entre os 25 e 44 foi do 12%. A menor caída rexistrouse entre os maiores de 45 que viron descender o seu número de contratos nun 4%.




O descenso xeneralizado da contratación do sector no ano 2012 foi común nos distintos tramos de idade entre todas as ocupacións do sector agás entre os traballadores dos coidados a persoas en servizos de saúde, que incrementan o seu número de contratos nos tres rangos de idade.







Profesionais do traballo e a educación social




Profesores de educación especial




Técnicos educadores de educación especial



Traballadores dos coidados á persoas en servizos de saúde



Traballadores dos coidados persoais a domicilio






		2011	2012	TOTAL XERAL
ANIMADORES COMUNITARIOS	Certificado de escolaridade	304	406	710
	BUP / bacharelato superior / COU	747	557	1304
	Formación profesional	385	330	715
	Outras titulacións		21	21
	Titulación ensinanza obrigatoria	1257	913	2170
	Titulados universitarios	400	405	805
AUXILIARES DE ENFERMARÍA HOSPITALARIA	Certificado de escolaridade	254	317	571
	BUP / bacharelato superior / COU	435	226	661
	Formación profesional	5565	4522	10087
	Outras titulacións		34	34
	Titulación ensinanza obrigatoria	1260	886	2146
	Titulados universitarios	281	175	456
PROFESIONAIS DO TRABALLO E A EDUCACIÓN SOCIAL	Certificado de escolaridade	90	34	124
	BUP / bacharelato superior / COU	55	44	99
	Formación profesional	244	155	399
	Outras titulacións		7	7
	Titulación Ensinanza obrigatoria	114	60	174
	Titulados universitarios	1381	1049	2430
PROFESORES DE EDUCACIÓN ESPECIAL	Certificado de escolaridade	9	10	19
	BUP / bacharelato Superior / COU	15	8	23
	Formación profesional	36	12	48
	Titulación ensinanza obrigatoria	27	14	41
	Titulados universitarios	222	113	335
TÉCNICOS EDUCADORES DE EDUCACIÓN ESPECIAL	Certificado de escolaridade	18	10	28
	BUP / bacharelato superior / COU	8	9	17
	Formación profesional	61	55	116
	Outras titulacións		2	2
	Titulación ensinanza obrigatoria	36	19	55
	Titulados universitarios	87	99	186
TRABALLADORES DOS COIDADOS ÁS PERSOAS EN SERVIZOS DE SAÚDE NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	Certificado de escolaridade	321	694	1015
	BUP / bacharelato superior / COU	357	395	752
	Formación profesional	1645	1720	3365
	Outras titulacións		35	35
	Titulación ensinanza obrigatoria	1631	1832	3463
	Titulados universitarios	208	186	394
TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAS A DOMICILIO	Certificado de escolaridade	1181	2481	3662
	BUP / bacharelato superior / COU	517	288	805
	Formación profesional	646	367	1013
	Outras titulacións		10	10
	Titulación ensinanza obrigatoria	5245	3800	9045
	Titulados universitarios	82	61	143
TOTAL XERAL		25124	22361	47485



O nivel académico esixido nos contratos asinados en 2012 na área da dependencia presenta un notable equilibrio entre os que requirían un nivel de formación medio ou alto (FP, bacharelato, estudos universitarios) que representaron case o 49%, e os que soamente precisaban o certificado de escolaridade ou ben a titulación en ensinanza obrigatoria (51%). As tres ocupacións do sector da dependencia vinculadas á docencia: os profesionais do traballo e a educación social, os profesores de educación especial e os técnicos educadores de educación especial, demandan maioritariamente titulados universitarios. Na máis significativa polo seu número, os profesionais do traballo e a educación social, foron contratados 1.349 persoas en 2012, das cales 1.049 precisaban ter como requisito indispensable unha titulación universitaria.



O número de contratos segundo a titulación esixida descendeu con respecto ao ano 2011 en todos os niveis académicos, agás entre os contratos que requiriron a menor cualificación, é dicir, entre os que precisaban unicamente o certificado de profesionalidade; neste suposto, incrementouse a contratación en 1.775 contratos.






		2011	2012	TOTAL XERAL
ANIMADORES COMUNITARIOS	Indefinido	44	34	78
	Indefinido tempo parcial	31	39	70
	Outros	4		4
	Prácticas/Formación	2	2	4
	Temporal	973	660	1633
	Temporal tempo parcial	2039	1897	3936
Total ANIMADORES COMUNITARIOS		3093	2632	5725
AUXILIARES DE ENFERMARÍA HOSPITALARIA	Indefinido	215	152	367
	Indefinido tempo parcial	90	77	167
	Outros	60	1	61
	Prácticas/Formación	59	36	95
	Temporal	5978	4431	10409
	Temporal tempo parcial	1393	1463	2856
Total AUXILIARES DE ENFERMARÍA HOSPITALARIA		7795	6160	13955
PROFESIONAIS DO TRABALLO E A EDUCACIÓN SOCIAL	Indefinido	92	67	159
	Indefinido tempo parcial	34	36	70
	Prácticas/Formación	16	17	33
	Temporal	1056	645	1701
	Temporal tempo parcial	686	584	1270
Total PROFESIONAIS DO TRABALLO E A EDUCACIÓN SOCIAL		1884	1349	3233
PROFESORES DE EDUCACIÓN ESPECIAL	Indefinido	10	4	14
	Indefinido tempo parcial	5	4	9
	Prácticas/Formación	3	2	5
	Temporal	120	60	180
	Temporal tempo parcial	171	87	258
Total PROFESORES DE EDUCACIÓN ESPECIAL		309	157	466
TÉCNICOS EDUCADORES DE EDUCACIÓN ESPECIAL	Indefinido	9	17	26
	Indefinido tempo parcial	1	2	3
	Temporal	148	113	261
	Temporal tempo parcial	52	62	114
Total TÉCNICOS EDUCADORES DE EDUCACIÓN ESPECIAL		210	194	404
TRABALLADORES DOS COIDADOS ÁS PERSOAS EN SERVIZOS DE SAÚDE NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	Indefinido	94	106	200
	Indefinido tempo parcial	24	89	113
	Outros	122	2	124
	Prácticas/Formación	3	9	12
	Temporal	3050	3136	6186
	Temporal tempo parcial	869	1520	2389
Total TRABALLADORES DOS COIDADOS ÁS PERSOAS EN SERVIZOS DE SAÚDE NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES		4162	4862	9024
TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAS A DOMICILIO	Indefinido	76	75	151
	Indefinido tempo parcial	187	200	387
	Outros	5	1	6
	Prácticas/Formación	78	90	168
	Temporal	1595	1032	2627
	Temporal tempo parcial	5730	5609	11339
Total TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAS A DOMICILIO		7671	7007	14678
TOTAL XERAL		25124	22361	47485



A gran maioría dos contratos no sector da dependencia está marcada polo signo da temporalidade, e dentro desta, a modalidade de contratación a tempo parcial, tivo no ano 2012 un peso superior á contratación a tempo completo. En concreto foron 11.222 contratos, fronte a 10.077 dos contratos que se formalizaron a tempo completo. Esta tendencia do emprego no sector cara á temporalidade a tempo parcial incrementouse con respecto ao ano 2011 en 282 contratos, mentres que os contratos a tempo completo, tanto temporais como indefinidos, viron descender o seu número. Os indefinidos a tempo parcial, tamén subiron con respecto a 2011 en 75 contratos.

Galicia

■ 2011 ■ 2012




En calquera caso, o panorama xeral da contratación amosa unha aplastante preeminencia dos contratos temporais. Entre ambas modalidades case copan por completo o total de contratos rexistrados no sector en Galicia. Os contratos indefinidos no sector da dependencia en Galicia tan só supuxeron o 4%, e deles, case a metade o son a tempo parcial.



2012

■ Temporal tempo parcial ■ Temporal ■ Indefinido ■ Indefinido tempo parcial ■ Prácticas/Formación ■ Outros





CNAE Contratos

Os traballadores empregados nos servizos de dependencia están encadrados en dúas epígrafes da Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE): por unha banda, a *asistencia en establecementos residenciais*, división que comprende a prestación de asistencia en establecementos residenciais en combinación con coidados de enfermaría fundamentalmente dirixida aos colectivos de persoas maiores e discapacitados físicos e psíquicos; e por outro lado, as *actividades de servizos sociais sen aloxamento*, que comprende os servizos sociais e demais labores de asistencia que se prestan a persoas maiores ou con discapacidade no seu domicilio ou noutros lugares, o coidado diúrno a nenos con discapacidade e labores diversas de asistencia social a persoas dependentes ou colectivos socialmente desfavorecidos.


		2009	2010	2011	2012
ACTIVIDADES DE SERVICIOS SOCIAIS SEN ALOXAMENTO	A Coruña	4953	4902	4858	4452
	Lugo	1340	1225	1311	1262
	Ourense	1042	1272	1305	1501
	Pontevedra	3569	3556	3496	3604
TOTAL ACTIVIDADES DE SERVICIOS SOCIAIS SEN ALOXAMENTO		10904	10955	10970	10819
ASISTENCIA EN ESTABLECEMENTOS RESIDENCIAIS	A Coruña	4048	4935	5992	6061
	Lugo	1292	1366	1679	1710
	Ourense	1714	1895	2386	2278
	Pontevedra	2139	2746	3234	2889
TOTAL ASISTENCIA EN ESTABLECEMENTOS RESIDENCIAIS		9193	10942	13291	12938
TOTAL XERAL		20097	21897	24261	23757

No ano 2012 o número de contratos rexistrados en estas dúas actividades económicas que se ocupan dos servizos de dependencia, ascenderon a 23.757, dos cales o 44% rexistráronse na provincia da Coruña, seguida da de Pontevedra cun 27%, mentres que Ourense e Lugo rexistran o 16% e o 13%, respectivamente. O número de contratos comprendidos nestas dúas actividades económicas vinculadas á dependencia, descendeu o ano 2012 en 504 con respecto ao ano anterior, clausurando unha tendencia á alza rexistrada ata entón. Este incremento da contratación ata 2011, condiciona o feito que dende o ano 2009 o nivel de contratación supuxese unha suba de 3.660 contratos ata 2012.




Galicia 2012

A Coruña Lugo Ourense Pontevedra



Galicia 2012




Os contratos rexistrados dentro das actividades de prestación de servizos de dependencia realizados en establecementos residenciais, foron en 2012 máis do dobre que os rexistrados nos servizos de dependencia a domicilio. O descenso da contratación rexistrado no ano 2012 non foi similar nas dúas actividades económicas, a caída dos contratos nas ocupacións propias de actividades sen aloxamento, é dicir maioritariamente nas prestacións de coidados á domicilio, sufriu unha caída moito máis leve (-80), mentres que o descenso máis acusado se produciu na asistencia en establecementos residenciais a caída neste caso foi de 504 contratos menos.



Galicia 2012

■ Actividades de servizos sociais sen aloxamento ■ Asistencia en establecementos residenciais




		2009	2010	2011	2012
ACTIVIDADES DE SERVICIOS SOCIAIS SEN ALOXAMENTO	Home	1183	1100	1128	1149
	Muller	9721	9855	9842	9670
TOTAL ACTIVIDADES DE SERVICIOS SOCIAIS SEN ALOXAMENTO		10904	10955	10970	10819
ASISTENCIA EN ESTABLECEMENTOS RESIDENCIAIS	Home	715	922	1210	1066
	Muller	8478	10020	12081	11872
TOTAL ASISTENCIA EN ESTABLECEMENTOS RESIDENCIAIS		9193	10942	13291	12938
TOTAL XERAL		20097	21897	24261	23757


Os contratos realizados ao longo dos últimos anos nestas actividades, amósanos un perfil ocupacional claramente definido por unha presenza maioritariamente feminina que representou no ano 2012 o 91% do total da contratación. A evolución da contratación feminina rexistrou un descenso nas dúas actividades económicas, mentres que no colectivo masculino se produciu un descenso da contratación en establecementos residenciais, aínda que nos servizos sociais sen aloxamento se rexistrou un leve incremento de 21 contratos.



Actividades de servizos sociais sen aloxamento



Asistencia en establecementos residenciais




		2009	2010	2011	2012
ACTIVIDADES DE SERVICIOS SOCIAIS SEN ALOXAMENTO	< 25	1391	1297	1305	1128
	25 a 44	6503	6685	6830	6772
	45 e máis	3010	2973	2835	2919
TOTAL ACTIVIDADES DE SERVICIOS SOCIAIS SEN ALOXAMENTO		10904	10955	10970	10819
ASISTENCIA EN ESTABLECEMENTOS RESIDENCIAIS	< 25	1790	2017	2356	1993
	25 a 44	5242	6424	7990	7843
	45 e máis	2161	2501	2945	3102
TOTAL ASISTENCIA EN ESTABLECEMENTOS RESIDENCIAIS		9193	10942	13291	12938
TOTAL XERAL		20097	21897	24261	23757


A maioría dos contratos foron realizados con traballadores comprendidos entre os 25 e os 44 anos, seguidos dos maiores desa idade e dos menores de 25. A evolución ao longo do ano 2012 con respecto ao ano anterior amosa un descenso da contratación nas dúas actividades económicas por parte da poboación traballadora menor de 25 e a comprendida entre 25 e 44, mentres que os maiores de 45 viron aumentar os seus contratos tanto nas actividades en establecementos residenciais como a domicilio.



Actividades de servizos sociais sen aloxamento



Asistencia en establecementos residenciais




		2009	2010	2011	2012
ACTIVIDADES DE SERVICIOS SOCIAIS SEN ALOXAMENTO	Certificado de escolaridade	2210	2263	1600	2671
	BUP / bacharelato superior / COU	1361	958	806	718
	Formación profesional	1586	1783	1838	1972
	Outras titulacións				82
	Titulación ensinanza obrigatoria	4280	4659	5486	4082
	Titulados universitarios	1467	1292	1240	1294
TOTAL ACTIVIDADES DE SERVICIOS SOCIAIS SEN ALOXAMENTO		10904	10955	10970	10819
ASISTENCIA EN ESTABLECEMENTOS RESIDENCIAIS	Certificado de escolaridade	669	762	561	1040
	BUP / bacharelato superior / COU	964	896	727	523
	Formación profesional	2335	3231	3758	3294
	Outras titulacións				37
	Titulación ensinanza obrigatoria	3932	4536	6365	6164
	Titulados universitarios	1293	1517	1880	1880
TOTAL ASISTENCIA EN ESTABLECEMENTOS RESIDENCIAIS		9193	10942	13291	12938
TOTAL XERAL		20097	21897	24261	23757




O nivel académico maiormente requirido nos contratos rexistrados nas actividades de dependencia foi o que esixía unha titulación en ensinanza obrigatoria. No caso das actividades encadradas dentro de asistencia en centros residenciais, a formación profesional sería a segunda titulación co maior número de contratos. No caso da asistencia a domicilio, o nivel de esixencia académica foi menor, posto que este posto sería ocupado polos contratos que só precisaban certificado de escolaridade. Os titulados universitarios sitúanse en ambas actividades económicas por riba dos contratos que esixían bacharelato.

Actividades de servizos sociais sen aloxamento



Dentro da evolución descendente rexistrada no ano 2012 con respecto ao ano anterior, destaca como feito máis salientable o aumento da contratación entre os contratos que precisan un menor nivel de cualificación académica. En ambas as dúas actividades o incremento dos contratos con requisito de ata certificado de escolaridade aumentou sustancialmente. Nas actividades sen aloxamento pasaron de 1.600 contratos en 2011 a 2.671 en 2012, e entre a asistencia en centros residenciais, de 561 a 1.040.

Asistencia en establecementos residenciais





		2009	2010	2011	2012
ACTIVIDADES DE SERVICIOS SOCIAIS SEN ALOXAMENTO	Indefinido	369	308	282	274
	Indefinido tempo parcial	263	277	298	435
	Outros	1	1		3
	Prácticas/Formación	32	36	31	46
	Temporal	4306	4292	3608	3178
	Temporal tempo parcial	5933	6041	6751	6883
TOTAL ACTIVIDADES DE SERVICIOS SOCIAIS SEN ALOXAMENTO		10904	10955	10970	10819
ASISTENCIA EN ESTABLECEMENTOS RESIDENCIAIS	Indefinido	571	555	502	418
	Indefinido tempo parcial	202	194	164	171
	Outros	2	1		
	Prácticas/Formación	27	33	38	60
	Temporal	6649	8011	9669	8681
	Temporal tempo parcial	1742	2148	2918	3608
TOTAL ASISTENCIA EN ESTABLECEMENTOS RESIDENCIAIS		9193	10942	13291	12938
TOTAL XERAL		20097	21897	24261	23757

A presenza da contratación temporal resulta amplamente maioritaria nas actividades propias dos servizos de dependencia. No ano 2012, nas actividades sen aloxamento representaron un total de 10.061 contratos fronte a 709 indefinidos, e na asistencia residencial 12.289 fronte a 589. Dentro das actividades de servizos sen aloxamento, a contratación a tempo parcial, tanto a temporal como a indefinida foi máis do dobre que a contratación a xornada completa. Na asistencia en establecementos residenciais, pola contra, a presenza da contratación a tempo parcial resulta ser case a terceira parte da contratación a xornada completa.

No ano 2012 os contratos descenderon fronte ao ano anterior agás entre os contratos indefinidos das actividades de servizos sen aloxamento, que aumentaron o seu número de 580 a 709.



Actividades de servizos sociais sen aloxamento



Asistencia en establecementos residenciais





Demandas CNO relacionadas coa dependencia por parte dos parados galegos

Os datos do informe fan referencia ás demandas de emprego rexistradas nas oficinas do SEPE dentro das ocupacións relacionadas cos servizos de dependencia que foron solicitadas por parte dos desempregados galegos. Hai que ter en conta que cada demandante de emprego pode solicitar ata seis ocupacións nas que desexa traballar, polo tanto, unha mesma persoa pode inscribirse como demandante de máis dunha ocupación relacionada coa dependencia, isto supón que un parado pode ter ata seis ocupacións demandadas. Neste sentido, os datos estatísticos que se amosan neste informe fan referencia ás ocupacións demandadas polos parados no ámbito da dependencia, polo tanto non se corresponden co número real de parados rexistrados neste sector, dado que como dixemos, un parado pode solicitar ata seis ocupacións co cal se contaría seis veces cando en realidade trátase dunha soa persoa.

En resumo as ocupacións implicadas na súa desagregación a oito díxitos é a seguinte: (coincide coa clasificación CNO 2002, polo que é posible facer evolucións)

- 23111017 MESTRES DE EDUCACIÓN ESPECIAL, EN XERAL**
- 23111035 PROFESORES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PSÍQUICA**
- 23111044 PROFESORES DE PERSOAS INVIDENTES**
- 23111053 PROFESORES DE PERSONAS XORDAS**
- 23111062 PROFESORES ESPECIALISTAS EN PROBLEMAS DA LINGUAXE E AUDITIVOS**
- 23121010 TÉCNICOS EN EDUCACIÓN ESPECIAL**
- 28241056 EDUCADORES SOCIALES**
- 28241065 TRABALLADORES SOCIAIS (ASISTENTES SOCIAIS)**
- 37151029 ANIMADORES XERIÁTRICOS**
- 56111022 AUXILIARES DE ENFERMARÍA DE XERIATRÍA**
- 56291025 COIDADORES DE DISCAPACITADOS FÍSICOS PSÍQUICOS E SENSORIAIS**
- 57101013 ASISTENTES DOMICILIARIOS**




	31/12/08	31/12/09	31/12/10	31/12/11	31/12/12
ANIMADORES XERIÁTRICOS	432	460	500	581	569
ASISTENTES DOMICILIARIOS	11127	12813	13798	14791	15441
AUXILIARES DE ENFERMARÍA DE XERIATRÍA	2814	3225	3530	4067	4639
COIDADORES DE DISCAPACIDADES FÍSICAS, PSÍQUICAS E SENSORIAIS	1508	2126	2591	3276	3933
EDUCADORES SOCIAIS	313	471	609	695	729
MONITORES DE SERVIZOS Á COMUNIDADE	107	163	188	215	282
PROFESORES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PSÍQUICA	239	300	371	51	57
PROFESORES DE PERSOAS INVIDENTES	2	1	1	1	1
PROFESORES DE PERSOAS XORDAS	5	6	7	11	12
PROFESORES ESPECIALISTAS EN PROBLEMAS DA LINGUAXE E AUDITIVOS	39	56	58	52	55
TÉCNICOS EN EDUCACIÓN ESPECIAL	65	88	102	115	132
TRABALLADORES SOCIAIS (ASISTENTES SOCIAIS)	288	414	456	497	592
TOTAL XERAL	16939	20123	22211	24352	26442

Os asistentes domiciliarios teñen como principal función a prestación de coidados a persoas dependentes por causa de enfermidade, idade, lesións físicas ou mentais etc. Como podemos observar, trátase da ocupación que maior número de demandas de emprego rexistra, no ámbito da dependencia, por parte dos parados galegos. No ano 2012 rexistráronse un total de 15.441 demandas de emprego nesta ocupación sobre un total de 26.442 demandas de ocupacións relacionadas coa dependencia, isto supón que unha porcentaxe do 58%, é dicir máis da metade dos desempregados que solicitan poder traballar en ocupacións relacionadas coa dependencia, sinalaron esta ocupación. As seguintes ocupacións máis demandadas, os auxiliares de enfermaría de xeriatria e os coidadores de discapacidades, aglutinan 4.639 demandas e 3.933, respectivamente. Do resto das ocupacións de dependencia ningunha acada as 1.000 demandas.




2012 % de demandas por ocupación



Con relación á evolución experimentada entre os anos 2008 e 2012, obsérvase un aumento de demandas de emprego por parte da poboación parada en todas as ocupacións, agás entre os profesores de invidentes e de minusválidos, aínda que neste caso nos estamos a referir a dúas ocupacións de escaso peso dentro do sector.

Variación 2012 con respecto á media de 2008-2011






		2008	2009	2010	2011	2012
ANIMADORES XERIÁTRICOS	home	8	30	29	38	50
	muller	404	430	471	543	519
ASISTENTES DOMICILIARIOS	home	210	252	291	356	478
	muller	10917	12561	13507	14435	14963
AUXILIARES DE ENFERMARÍA DE XERIATRÍA	home	79	98	115	139	196
	muller	2735	3127	3415	3928	4443
COIDADORES DE DISCAPACIDADES FÍSICAS, PSÍQUICAS E SENSORIAIS	home	94	136	186	220	293
	muller	1414	1990	2405	3056	3640
EDUCADORES SOCIAIS	home	47	59	75	93	84
	muller	266	412	534	602	645
MONITORES DE SERVIZOS Á COMUNIDADE	home	22	34	42	42	51
	muller	85	129	146	173	231
PROFESORES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PSÍQUICA	home	43	58	69	4	6
	muller	196	242	302	47	51
PROFESORES DE PERSOAS INVIDENTES	muller	2	1	1	1	1
PROFESORES DE PERSOAS XORDAS	home	1	1	1	5	2
	muller	4	5	6	6	10
PROFESORES ESPECIALISTAS EN PROBLEMAS DA LINGUAXE E AUDITIVOS	home	1	4	5	2	1
	muller	38	52	53	50	54
TÉCNICOS EN EDUCACIÓN ESPECIAL	home	9	11	13	18	15
	muller	56	77	89	97	117
TRABALLADORES SOCIAIS (ASISTENTES SOCIAIS)	home	25	50	44	54	63
	muller	263	364	412	443	529
TOTAL XERAL	muller	16380	19390	21341	23381	25203
	home	539	733	870	971	1239

O contexto laboral do emprego nos servizos propios da dependencia preséntanos o panorama dun sector fortemente feminizado. Esta presenza maioritaria da muller evidénciase no protagonismo case exclusivo que mantén en case todas as ocupacións propias do sector. En consecuencia, esta preeminencia reflicte igualmente unha realidade laboral marcada polo signo do desemprego feminino. Segundo datos suministrados polos Servizos Públicos de Emprego, no ano 2012, as demandas de emprego solicitado por mulleres en ocupacións propias dos servizos de dependencia, ascenderon a 25.023,




mentres que no caso da poboación masculina acadaron unha cifra de 1.239. Isto supuxo que o 95% das ocupacións do sector foron solicitadas por mulleres desempregadas que desexaban traballar en actividades vinculadas aos servizos de dependencia.

Incremento de demandas 2012 con respecto á media de catro anos anteriores




Evolución das demandas no período 2008-2012




A pesar do peso significativamente menor que representan os homes, a suba da demanda de emprego en ocupacións propias do sector, incrementouse nun ritmo superior ao rexistrado entre as mulleres desempregadas.


Animadores



Asistentes




Auxiliares







Coidadores




Educadores




Monitores




Profesores minusvalidez psíquica




Profesores persoas xordas




Profesores esp. en problemas da linguaxe e auditivos



Técnicos en educación especial



Traballadores sociais






		31/12/08	31/12/09	31/12/10	31/12/11	31/12/12
ANIMADORES XERIÁTRICOS	< 25	34	26	21	29	28
	25 a 44	217	239	277	328	319
	45 e máis	181	195	202	224	222
ASISTENTES DOMICILIARIOS	< 25	320	387	376	398	432
	25 a 44	4522	5373	5774	6105	6212
	45 e máis	6285	7053	7648	8288	8797
AUXILIARES DE ENFERMARÍA DE XERIATRÍA	< 25	191	235	207	226	236
	25 a 44	1433	1717	1920	2166	2466
	45 e máis	1190	1273	1403	1675	1937
COIDADORES DE DISCAPACIDADES FÍSICAS, PSÍQUICAS E SENSORIAIS	< 25	95	160	151	176	184
	25 a 44	717	1032	1278	1588	1912
	45 e máis	696	934	1162	1512	1837
EDUCADORES SOCIAIS	< 25	49	80	85	92	62
	25 a 44	222	351	467	527	577
	45 e máis	42	40	57	76	90
MONITORES DE SERVIZOS Á COMUNIDADE	< 25	15	27	17	24	26
	25 a 44	74	107	133	154	193
	45 e máis	18	29	38	37	63
PROFESORES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PSÍQUICA	< 25	8	16	16	1	2
	25 a 44	152	184	245	38	36
	45 e máis	79	100	110	12	19
PROFESORES DE PERSOAS INVIDENTES	< 25					
	25 a 44	2	1	1	1	1
	45 e máis					
PROFESORES DE PERSOAS XORDAS	< 25		1			
	25 a 44	4	4	7	9	11
	45 e máis	1	1		2	1
PROFESORES ESPECIALISTAS EN PROBLEMAS DA LINGUAXE E AUDITIVOS	< 25	6	9	11	7	5
	25 a 44	26	39	37	37	43
	45 e máis	7	8	10	8	7
TÉCNICOS EN EDUCACIÓN ESPECIAL	< 25	4	6	9	14	8
	25 a 44	51	68	78	82	99
	45 e máis	10	14	15	19	25
TRABALLADORES SOCIAIS (ASISTENTES SOCIAIS)	< 25	48	86	76	76	66
	25 a 44	198	283	321	367	448
	45 e máis	42	45	59	54	78



A poboación maior de 44 anos é a que está a sufrir en maior medida o desemprego dentro do sector dos servizos de dependencia. Case o 50% do total de demandas de emprego foron cursadas polos parados de 45 e máis anos, concretamente, no ano 2012 foron 13.076 dun total de 26.442. Se este dato o poñemos en relación ca porcentaxe de contratos, podemos observar que este grupo de maior idade representou o 25% do total, é dicir o número de demandas de emprego que cursaron os parados de maior idade para traballar en ocupacións dos servizos de dependencia case dobra ao dos contratos formalizados. Así mesmo, nos últimos cinco anos a evolución das demandas de emprego experimentaron un incremento superior ao rexistrado nos outros dous tramos de idade.



O paro dentro do sector afecta en maior medida os desempregados con menor nivel de cualificación académica. Deste xeito, os demandantes que teñen o certificado de escolaridade e os que cursaron a ensinanza obrigatoria representan o 62% do total.

Demadas de emprego asociadas á dependencia por nivel académico. Ano 2012





CNAE paro

As funcións relacionadas coa dependencia concéntranse fundamentalmente nos epígrafes 87 e 88 da Clasificación nacional de actividades económicas. Ao longo da CNAE tamén atopamos apartados relacionados coa dependencia, pero aparecen mesturados con outras actividades que non teñen relación co tema específico da dependencia e polo tanto non son susceptibles de seren sustanciadas individualmente para a súa análise.

87 Asistencia en establecementos residenciais

Esta división comprende a prestación de asistencia en establecementos residenciais en combinación con coidados de enfermaría fundamentalmente dirixida aos colectivos de persoas maiores e discapacitados físicos e psíquicos.

88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento

Comprende os servizos sociais e demais labores de asistencia que se prestan a persoas maiores ou con discapacidade no seu domicilio ou noutros lugares, o coidado diúrno a nenos con discapacidade e labores diversas de asistencia social a persoas dependentes ou colectivos socialmente desfavorecidos.


		31/12/09	31/12/10	31/12/11	31/12/12	TOTAL XERAL
Actividades de servizos sociais sen aloxamento	A Coruña	848	917	902	1146	3813
	Lugo	221	271	294	378	1164
	Ourense	235	247	264	368	1114
	Pontevedra	606	662	720	889	2877
Asistencia en establecementos residenciais	A Coruña	455	516	547	925	2443
	Lugo	168	164	168	292	792
	Ourense	357	343	363	604	1667
	Pontevedra	392	423	484	715	2014

O número de parados en Galicia no sector da dependencia ascendeu en 2012 a 5.317 persoas. Esta cifra é a suma das persoas desempregadas nas *actividades de servizos sociais sen aloxamento* (2.781) e as de *asistencia en establecementos residenciais* (2.536), que son as actividades económicas recollidas pola CNAE (Clasificación nacional de actividades económicas). O panorama xeral do desemprego no sector presenta unha evolución ascendente do número de parados dende 2009 ata 2012, pero é neste último ano cando se incrementa de xeito significativo o ritmo de destrución de emprego no sector. No período comprendido entre 2009 e 2011, o número de parados ascendía ano a ano dun xeito sostido entre douscentos e trescentos novos desempregados, pero en 2012 o desemprego experimenta unha brusca aceleración na súa intensidade, neste ano o ascenso



do número de persoas sen traballo nas actividades económicas que conforman o emprego no sector da dependencia, incrementouse en 1.575 parados máis, con respecto ao ano anterior, ata acadar unha cifra de 5.317 persoas. Esta suba foi maior entre os traballadores que prestaban os seus servizos en asistencia en centros residencias, (case 1.000 parados máis).


Galicia parados no sector da dependencia 2009, 2010, 2011, 2012




A provincia con maior número de parados é A Coruña seguida de Pontevedra e a certa distancia Ourense e Lugo. O incremento anual do desemprego a nivel provincial segue a pauta marcada polo conxunto de Galicia. As actividades de servizos sociais sen aloxamento experimentaron un maior incremento porcentual do nivel de paro que o rexistrado na asistencia en centros residencias, e a provincia da Coruña experimentou a maior suba do desemprego.




Actividades de servizos sociais sen aloxamento




Asistencia en establecementos residenciais



Actividades de servizos sociais sen aloxamento Ano 2012



Asistencia en establecementos residenciais Ano 2012






		31/12/09	31/12/10	31/12/11	31/12/12
ACTIVIDADES DE SERVICIOS SOCIAIS SEN ALOXAMENTO	Home	176	186	195	269
	Muller	1734	1911	1985	2512
ASISTENCIA EN ESTABLECEMENTOS RESIDENCIAIS	Home	94	110	127	230
	Muller	1278	1336	1435	2306

Nun sector como o da dependencia altamente feminizado non é de estrañar que a gran maioría do desemprego afecte ao colectivo das mulleres. Concretamente o 91% das persoas desempregadas son mulleres.


Actividades de servizos sociais sen aloxamento

■ HOME ■ MULLER



Asistencia en establecimientos residenciales

■ HOME ■ MULLER




		31/12/09	31/12/10	31/12/11	31/12/12
ACTIVIDADES DE SERVICIOS SOCIAIS SEN ALOXAMENTO	< 25	91	65	59	90
	25 a 44	1022	1127	1129	1442
	45 e máis	797	905	992	1249
ASISTENCIA EN ESTABLECEMENTOS RESIDENCIAIS	< 25	99	53	55	158
	25 a 44	719	800	812	1381
	45 e máis	554	593	695	997



O desemprego afecta fundamentalmente a poboación de idades comprendidas entre 25 e 44 e a de 45 en diante. A poboación máis nova rexistra un número moi inferior de desempregados, pero esta situación é un reflexo da escasa actividade laboral deste grupo de idade.


Actividades de servizos sociais sen aloxamento

■ < 25 ■ 25 a 44 ■ 45 e máis



Asistencia en establecementos residenciais


■ < 25 ■ 25 a 44 ■ 45 e máis




		31/12/09	31/12/10	31/12/11	31/12/12
ACTIVIDADES DE SERVICIOS SOCIAIS SEN ALOXAMENTO	Certificado de escolaridade	493	580	646	766
	BUP / bacharelato superior / COU	152	169	155	227
	Formación profesional	368	375	398	581
	Outras titulacións	7	6	5	4
	Titulación ensinanza obrigatoria	626	623	621	748
	Titulados universitarios	264	344	355	455
TOTAL ACTIVIDADES DE SERVICIOS SOCIAIS SEN ALOXAMENTO		1910	2097	2180	2781
ASISTENCIA EN ESTABLECEMENTOS RESIDENCIAIS	Certificado de escolaridade	345	373	412	559
	BUP / bacharelato superior / COU	129	126	132	224
	Formación profesional	339	383	384	744
	Outras titulacións	2	1	3	2
	Titulación ensinanza obrigatoria	424	414	439	677
	Titulados universitarios	133	149	192	330
TOTAL ASISTENCIA EN ESTABLECEMENTOS RESIDENCIAIS		5192	5640	5922	8098
TOTAL XERAL		3282	3543	3742	5317



O 52% dos parados no sector da dependencia corresponden aos traballadores co nivel académico máis baixo: certificado de escolaridade e ensinanza obrigatoria. O paro entre os traballadores que posúen Formación profesional arroxaba en 2012 a mesma cifra que os parados con Certificado de escolaridade: 1.325 persoas. Os titulados universitarios en paro foron 785 e os titulados en bacharelato e BUP ascenderon a 451.




Actividades de servizos sociais sen aloxamento





Asistencia en establecimientos residenciais





galicia



XUNTA
DE GALICIA